

CONVENIO DE COLABORACIÓN URBANÍSTICA ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE, NO MARCO DA REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA DO MUNICIPIO.

En Santiago de Compostela, a de marzo do 2005, reunidos no Salón rectoral do Pazo de San Xerome.

O Excmo. e Magfco. Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Don Senén Barro Ameneiro, e

O Ilmo, Sr. Alcalde Presidente do Concello de Santiago de Compostela, Don Xosé Antonio Sánchez Bugallo,

Actuando ambos en nome e representación das citadas institución e corporación,

EXPOÑEN

- ? Que a Universidade de Santiago de Compostela aportou ó Concello un documento de diagnose, definición de obxectivos e propostas de ordenación referentes ó Campus Sur para a súa toma de consideración de cara ós traballos de revisión do planeamento urbanístico. O citado documento formula como obxectivos e criterios xerais relativos ó Plan Especial do Campus Universitario Sur os seguintes:
- Completar o acabado da cidade densa polo sur oeste xerando as adecuadas condicións de ordenación na entrega do Campus Universitario co territorio natural coa execución do Xardín Botánico.
 - Implantación das edificacións complementarias da facultade de Medicina (escolas de Enfermería e Odontoloxía, Biblioteca común, aularios, departamentos, laboratorios, etc.) nas inmediacións da reserva prevista no Plan parcial da Choupana, incorporando ó ámbito do Campus os terreos colindantes ás dúas beiras da antiga estrada de Noia, necesarios para a execución das novas dotacións que conforman a Área de Ciencias da Saúde.
 - Abordar o acabado do Campus e a consolidación da área tecnolóxica co completamento das instalacións da facultade de escola superior de enxeñería e previndo a implantación de novas edificacións para albergar instalacións tecnolóxicas, de investigación e innovación que contribúan a reforzar o complexo científico técnico da Universidade de Santiago.
 - Dar por culminado o proceso de edificación na área consolidada do Campus, incorporando en todo caso as posibilidades de completamento das dotacións da área de Humanidades (Psicología e Ciencias da Educación) e das áreas aínda non desenvolvidas (Casa de Exercicios, edificios de laboratorios e departamentos na Avda. López de la Fuente, etc).

- Abordar a reordenación da Avda. Mestre Mateo acorde coas novas previsións da travesía urbana e en coordinación coa ordenación do Plan parcial de Choupana, previndo a súa ampliación para permitir a implantación das medidas de planificación urbana en materia de ordenación do tráfico e transporte.
 - Abordar o acabado da urbanización interior do Campus, o completamento das zonas verdes e o establecemento dunha adecuada dotación de aparcadoiro.
- ? Que é vontade do Concello de Santiago, na oportunidade que supón a revisión do Plan Xeral de Ordenación Urbana, dar resposta adecuada ó proxectos da Universidade recollendo a planificación e a infraestrutura física que lle permita abordar o seu Plano Estratégico.

Por os motivos antes expostos, e para dar viabilidade a vontade de cooperación de ambas institucións, subscriben o presente convenio, substanciado nas seguintes

CLÁUSULAS:

- ? PRIMEIRA. O Concello de Santiago procederá no prazo máis breve posible, a formalizar a cesión á Universidade da parcela EU-7, dentro do SUP-5, destinada polo propio planeamento para a construción do novo Campus de Ciencias da Saúde, así como a complementala coa cesión das parcelas anexas DM-2 e ZL-1 (estas modificacións encóntranse xa en tramitación a través da oportuna modificación do Plan Parcial) . A Universidade, pola súa parte, redactará un Estudo de detalle que ordene neses espazos os edificios que configuren a primeira fase do Campus de Ciencias da Saúde, e desenvolverá e executará a urbanización da citada área, asegurando a conexión da mesma coa ZEU-25 do Campus Sur por medio do vial soterrado previsto. Igualmente, a USC achegará no citado Estudo de detalle propostas para asegurar a conexión peonil entre a área do SUP-5 adicada ó Campus de Ciencias da Saúde e o Hospital Clínico Universitario, a través da zona verde que os separa.
- ? SEGUNDA. No cadro da revisión do Pan xeral de Ordenación Urbana procederase a unha modificación do Plan Especial do Campus Sur que reaxuste seu ámbito posibilitando a recuperación do entorno natural do río Sarela e a incorporación de máis terreos dos inicialmente previstos no contorno do Hospital Clínico. Simultaneamente, e no mesmo contexto, estudarase a necesidade de incrementar a intensidade de uso no citado documento con fin de posibilitar a implantación de novos usos universitarios nos terreos aínda baleiros do Campus Sur, e a ampliación nalgunhas das dotacións xa consolidadas, para adaptarse ás previsións da planificación da Universidade na liña do proposto no documento aportado.
- ? TERCEIRA. Modifícanse as condicións de ordenación da Avda. Mestre Mateo para incorporar as previsións municipais respecto das políticas de transporte e accesibilidade, e parax garantir a adecuada relación funcional entre as novas dotacións ós dous lados da avenida.
- ? CUARTA. Preveranse novas reservas dotacionais para usos deportivos universitarios e doutros complementarios noutras áreas da cidade, que suplan a redución destes espazos no Campus

Sur de cara a garantir o mantemento dun estándar adecuado destes usos universitarios, de conformidade cá proposta aportada pola Universidade.

- ? QUINTA. O Concello plantexará no intre do documento de revisión do Plan Xeral, os mecanismos de xestión oportunos que posibiliten a obtención dos solos de Sistema Xeral vinculados ó Campus Universitario a través da súa imputación ás Áreas de reparto, na medida na que esta sexa asumíbel polas mesmas. As superficies de Sistema Xeral non imputadas deberán ser obxecto de expropiación pola Administración competente.
- ? SEXTA. Tendo en conta que as actuacións de reforma urbana previstas no ámbito ampliado van supoñer a desaparición dalgunhas vivendas existentes, o documento de revisión do Plan Xeral plantexará unha localización adecuada, en terreos titularidade da Universidade, para posibilitar a construción de vivendas de protección oficial destinadas prioritariamente ó realoxo dos residentes nos novos solos afectos ós usos universitarios, vivendas que serán compatibles cá implantación dun uso comercial que garante a viabilidade económica das actuacións de realoxo. Na tramitación e xestión do solo previsto para a implantación das novas edificacións de uso universitario será necesario garantir a efectividade dos realoxos con carácter previo ó derrubo das edificacións incompatibles cá ordenación resultante e que este ofrecemento se formalice de xeito simultáneo para todos os afectados pola nova ordenación que para o Campus Sur prevea o Plan Xeral.
- ? SÉTIMA. A Universidade comprométese a presentar ó Concello o documento de adaptación do Plan Especial as previsións contidas no Plan Xeral no prazo dun ano dende a entrada en vigor da revisión do Plan Xeral de Ordenación Urbana.
- ? OITAVA. A Universidade comprométese a abordar a execución das previsións contidas no planeamento por unidades funcionais completas, contemplando, de xeito simultáneo, tanto as obras de edificación como aquelas relativas a urbanización que posibiliten, por unha banda, o correcto funcionamento dos usos previstos, e por outra, a completación progresiva da totalidade do solo ordenado, de conformidade co previsto no Plan Especial.
- ? NOVENA. No contexto da revisión do Plan Xeral o Concello comprométese a estudar reservas de solo de uso público vinculados á actividade universitaria na área de influencia de dotacións xa previstas que teñan como obxectivo a promoción da cultura, as novas tecnoloxías e todos aqueles usos relacionados cás áreas do coñecemento e a investigación (tales como a Cidade da Cultura, o Complexo Hospitalario, etc)

E, en proba de conformidade, asinan o presente protocolo no lugar e data indicados ó comezo.

O RECTOR

O ALCALDE

Don Senén Barro Ameneiro.

Don Xosé A. Sánchez Bugallo.